

Acta da Comisión Permanente do día 21 de febreiro de 2024

Anexos:

- I. Convocatoria da Comisión Permanente do 21/02/2024
- II. Asistentes á Comisión Permanente do 21/02/2024
- III. Tribunais de TFG que xulgarán os traballos presentados nesta vindeira convocatoria.

Ábrese a sesión, en segunda convocatoria, ás 13 horas na Sala de Xuntas do Módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Directora, Dona Elena Alonso Prieto, e se tratan os seguintes puntos na orde do día:

1. **Lectura e aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores: ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023 e extraordinarias celebradas os días 12 e 22 de xaneiro de 2024.**

A Comisión Permanente aproba, por asentimento, as actas das devanditas sesións.

2. **Aprobación, se procede, de solicitudes relacionadas coa xestión académica: solicitudes de recoñecemento de créditos, de ampliación de matrícula, de matrícula a tempo parcial, etc.**

Non hai.

3. **Nomeamento, se procede, dos tribunais de TFG que xulgarán os traballos que se van defender nesta vindeira convocatoria.**

A Presidenta sinala que se achegaron 8 solicitudes correspondentes ao GEE e 1 ao GERME. Cede a palabra a María Araújo, Subdirectora de Planificación e Organización Académica, quen comenta a proposta de tribunais (Anexo III) e a súa adaptación ás temáticas dos traballos. Sinala, ademais, que todo o estudantado cumpre os requisitos e que os membros do tribunal confirmaron a súa dispoñibilidade.

A Comisión aproba por asentimento a proposta de tribunais.

4. **Aprobación, se procede, do calendario de Prácticas de Campo e Saídas de Estudo para o segundo cuadrimestre do curso académico 2023/2024.**

A Presidenta sinala que se achegaron 9 solicitudes de saídas de estudos para o segundo cuadrimestre, que son menos das habituais.

N.	Materia	Titulación	Destino	Nº previsto de alumnos	Data prevista da viaxe
1.	As de 1º Curso Graos EEME	Grao ERME + Grao EE	Mesía (A Coruña)	14	09/02/2024
2.	As de 2º Curso Graos EEME	Grao ERME + Grao EE	Cerceda (A Coruña)	32	23/02/2024
3.	Explotación de recursos mineiros II + Enxeñaría mineira	Grao ERME + Máster Enxeñaría de Minas	Rubián (Lugo) + A Campa (Courel)	8	08/03/2024

4.	Tecnoloxías de combustibles alternativos	Grao EE	Teixeiro (A Coruña)	30	03/04/2024
5.	Loxística e servizos mineiros + Enxeñaría de explosivos	Grao ERME + Máster Enxeñaría de Minas	O Porriño (Pontevedra)	5	XX/03/2024
6.	As dos Graos da EEME	Grao ERME + Grao EE	Gijón (Asturias)	15	15-18/04/2024
7.	Enxeñaría da auga	Máster Enxeñaría de Minas	Salvaterra de Miño (Pontevedra)	5	25/04/2024
8.	Xeración eléctrica, renovable e convencional	Grao EE	San Ciprián das Viñas (Ourense)	29	25/04/2024
9.	Todas as do Máster en Enxeñaría de Minas	Máster Enxeñaría de Minas	Vigo-Ponferrada-Salamanca-Sevilla-Huelva-Cádiz-Cáceres- Vigo (pendente itinerario definitivo)	20	02-07/06/2024

Salienta que, aínda que na listaxe figuran dúas viaxes de fin de estudos (a de grao e a de máster), o máis probable é que se organice unha viaxe conxunta.

Apróbase por asentimento o calendario de Prácticas de Campo e Saídas de Estudos para o segundo cuadrimestre do curso académico 2023/2024.

5. Rogos e preguntas.

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 10 minutos do día de hoxe, do que como secretario dou fe en Vigo, a vinte e un de febreiro de dous mil vinte e catro.

Vº e Prace
A Presidenta

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba



ANEXO I

Convocatoria da Comisión Permanente do 21/02/2024

Asunto: Convocatoria ordinaria da Comisión Permanente da EEME

Por orde da súa presidenta, convócase reunión ordinaria da Comisión Permanente da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o mércores, 21 de febreiro de 2024, ás 12:30 h en primeira convocatoria e as 13:00 h en segunda.

A reunión terá lugar, **na modalidade presencial**, na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, e se tratarán os seguintes puntos na orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores: ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023 e extraordinarias celebradas os días 12 e 22 de xaneiro de 2024.
2. Aprobación, se procede, de solicitudes relacionadas coa xestión académica: solicitudes de recoñecemento de créditos, de ampliación de matrícula, de matrícula a tempo parcial, etc.
3. Nomeamento, se procede, dos tribunais de TFG que xulgarán os traballos que se van defender nesta vindeira convocatoria.
4. Aprobación, se procede, do calendario de Prácticas de Campo e Saídas de Estudo para o segundo cuatrimestre do curso académico 2023/2024.
5. Rogos e preguntas.

Vigo, 14 de febreiro de 2024
O Secretario

Guillermo García Lomba

A TODOS OS MEMBROS DA COMISIÓN PERMANENTE DA EE DE MINAS E ENERXÍA

CSV : GEN-ba22-52d8-2297-cc07-c2ab-a949-4080-90f9

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : GUILLERMO GARCIA LOMBA | FECHA : 14/02/2024 13:49 | NOTAS : F





ANEXO II

Asistentes á Comisión Permanente do 21/02/2024



Asistentes á Comisión Permanente do 21 de febreiro de 2024
Presidenta da Comisión
Elena Alonso Prieto
Secretario da Comisión
Guillermo García Lomba
Subdirector/a
María Araújo Fernández
Profesorado
Pablo Eguía Oller
Fernando García Bastante
Eduardo Giráldez Pérez
Javier Vijande López
Estudantes
Carmen Alonso Pérez
Alejandro Casal Barreiro
Alejandro Marzana Gómez
Mateo Salgado Díaz
PAS
M ^a Carmen Romo Pérez



ANEXO III

Tribunais de TFG que xulgarán os traballos presentados
nesta vindeira convocatoria